Os morcegos nos cultivos forestais

A maior parte das masas forestais que vemos nas paisaxes que nos rodean non son bosques, senón cultivos de árbores. Nestas paisaxes os morcegos consumen tanto a procesionaria do piñeiro como insectos praga dos cultivos de eucalipto (*Gonipterus, Ctenarytaina*), contribuíndo polo tanto ao seu control. Igualmente consumen coleópteros cerambícidos, vectores do nematodo do piñeiro.

Con todo, os cultivos forestais están destinados a obter un rendemento económico, e as árbores que se cultivan son cortadas cada poucos anos, habitualmente para a obtención de pasta de papel ou madeira. Na nosa contorna o aproveitamento efectúase realizando cortas a eito en amplas superficies, o cal transforma de xeito drástico os lugares onde viven os morcegos. Nestes cultivos apenas existen árbores con ocos se os comparamos cos bosques naturais, polo que as especies de morcegos forestais son as máis negativamente afectadas.

Os morcegos e as árbores

As árbores xogan un papel relevante na vida de moitas especies de morcegos, xa que as utilizan como puntos de referencia para desprazarse entre os seus refuxios e os lugares de alimentación, con frecuencia situados a varios kilómetros de distancia; ademais, atopan alimento na súa contorna e entre as pólas, pero tamén refuxio baixo as codias levantadas e os ocos que se forman nos exemplares de máis idade.

Os morcegos que sitúan a meirande parte dos seus refuxios nas árbores coñécense como morcegos forestais, e en Galicia son principalmente os morcegos barbastela, rateiro forestal, orelludo dourado, e os nóctulos pequeno e grande.



Actuación incluída no proxecto "Bases para el desarrollo de una estrategia de conservación de los quirópteros forestales en los montes sometidos a explotación forestal", realizado por ARCEA Xestión de Recursos Naturais S.L., beneficiario dunha axuda da VI Convocatoria 2025 do Programa Marco de Responsabilidade Social Corporativa de ENCE.

Co patrocinio de ENCE

MORCEGOS FORESTAIS, OS NOSOS ALIADOS NOCTURNOS



Algúns datos sobre os morcegos

Os morcegos levan vivindo no planeta Terra desde hai polo menos 47-56 millóns de anos, fronte aos 2,8 millóns que levan os humanos. Son uns animais de hábitos nocturnos e os únicos mamíferos que poden voar. Teñen ollos e ven, pero relaciónanse co mundo que lles rodea principalmente a través dun sistema de eco-localización, o que lles permite voar de noite sen chocar. Este sistema consiste en emitir continuamente breves sons polo nariz e/ou pola boca; os rebotes nos obxectos ao seu redor son recollidos polas orellas, e lle dan ao morcego información das súas características e proximidade.

En Galicia existen 21 especies diferentes de morcegos, todas protexidas pola lei, con tamaños que van dos 3 aos 60 gramos de peso e dos 18 aos 45 cm de envergadura. Durante o día atopan refuxio en multitude de lugares, tanto en edificacións como en árbores, covas ou galerías subterráneas. Unhas especies penduran do teito en espazos abertos, pero outras agóchanse en espazos reducidos como fendas de muros, entre tellas ou baixo codias levantadas.

Por que é necesario conservar os morcegos

Todos os morcegos de Europa son fundamentalmente insectívoros, e cada noite poden chegar a consumir en insectos o equivalente a máis da metade do seu peso corporal. Os morcegos regulan e controlan as poboacións de insectos, polo que, ademais de contribuír ao funcionamento natural dos ecosistemas, están a brindarnos uns servizos moi valiosos, xa que consumen insectos transmisores de enfermidades humanas ou que son pragas agrícolas e forestais.


Estes servizos poden cuantificarse ademais económicamente. Por exemplo, en cultivos de maceiras en Italia, 550 €/ha/ano, 56 €/ha/ano en cultivos de arroz en España e un mínimo de 3.184 millóns de € anuais en cultivos diversos nos EE.UU.

Ademais, nos EE.UU demostrouse recentemente que a redución das poboacións de morcegos a causa dunha enfermidade supuxo un incremento do 31% no consumo de insecticidas agrícolas e un incremento do 7,9% na mortalidade infantil, e son as primeiras evidencias empíricas cuantificadas do efecto do uso de pesticidas na saúde humana.


Recoñécese que en Europa as poboacións de morcegos sufriron descensos significativos, especialmente na segunda metade do século XX, atribuídos principalmente á fragmentación e perda do seu hábitat, á intensificación agrícola e forestal, á persecución, ás molestias nos seus lugares de repouso, á mortalidade en estradas, á contaminación lumínica e, máis recentemente, ao efecto da instalación de parques eólicos e ao cambio climático. Con todo, empezan a recollerse evidencias da recuperación dalgunhas especies. Se os morcegos desapareceran da Terra, a nosa supervivencia como especie estaría seriamente comprometida.

Facendo os cultivos forestais máis amables para os morcegos


Xestionar os cultivos forestais para atraer aos morcegos contribuirá tanto á súa conservación como a aumentar o control natural que estes fan das pragas que lles afectan. Estas son algunhas das medidas que se poden poñer en práctica:




Conservación ao longo do tempo de árbores individuais ou pequenos grupos de especies autóctonas entre as especies cultivadas. Ocupación mínima: 5-10% por ha de cultivo forestal.




Creación e conservación de bosquetes (1 ha de superficie mínima) de especies autóctonas entre os cultivos forestais, e tamén de claros non forestais (≤ 1 ha) que diversifiquen a paisaxe.



Creación de franxas de vexetación arbórea e arbustiva con especies autóctonas (carballo, castiñeiro, bidueiro, freixo, salgueiro, abeleira, sabugueiro…) nas beiras dos camiños.



Conservación de franxas de vexetación autóctona nos bordos ribeiregos, mantendo as árbores cultivadas alonxadas da beira da auga.



Conservación e creación de lugares axeitados para que os morcegos poidan beber.



Fomento e conservación de árbores con ocos, tanto vivas como mortas. Densidade de referencia: 20 pés /ha.